

Decanato

Campus universitario
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 170 webs.uvigo.es/educacion-ou
e-mail.: fedts@uvigo.es

Benvida/o á Facultade de Educación e Traballo Social.

Grazas por elixir as nosas titulacións!

Ante a situación sanitaria que nos toca vivir, as nosas clases tentarán ser presenciais, aínda que se irán adaptando ás recomendacións sanitarias, ampliando ou reducindo a presencialidade de acordo coas circunstancias.

Por ese motivo, as clases do primeiro cuadrimestre comezarán dende o **martes día 7 de setembro** de forma mixta:

- en *remoto* para os grupos grandes (Grupos A nos horarios) de materias obrigatorias e
- en *presencial* para os grupos medianos (Grupos B) e pequenos (Grupos C) de materias obrigatorias e en todos os grupos de materias optativas.

Para a docencia en remoto, darase información específica para acceder ás distintas aulas virtuais do campus remoto da UVigo e para a docencia presencial adoptamos medidas organizativas que poderedes consultar na páxina web da nosa Facultade, <http://fcce.uvigo.es/es/>, ademais das normas xerais que todas e todos debemos procurar que se cumpran, conscientes de que a responsabilidade colectiva garda moita relación cunha boa pedagogía e nesta casa formámonos para unha boa aplicación desa norma pedagóxica.

Previamente ao comezo do curso, **o luns, día 6 setembro**, organizamos unha **sesión orientativa para o alumnado de 1º curso**.

Para facilitar o desenvolvemento desta sesión de apertura, organízase o alumnado matriculado nos catro Graos do seguinte modo:

O alumnado do **GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL** accederá á aula 1.4 (1º andar do Edificio de Facultades). Horario: de 10:00 a 13:00 horas.

O alumnado do **GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA** accederá á aula Multiusos Emilia Pardo Bazán (soto do Edificio de Facultades). Horario: de 10:00 a 13:00 horas.

O alumnado do **GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL** accederá á aula Multiusos Emilia Pardo Bazán (soto do Edificio de Facultades). Horario: de 16:00 a 19:00 horas.

O alumnado do **GRAO EN TRABALLO SOCIAL** accederá a aula 1.4 (1º andar do Edificio de Facultades). Horario: de 16:00 a 19:00 horas.

Seguindo en todo momento as indicacións da coordinación, así como da sinalética existente no Edificio que indica o sentido da circulación.

Decanato

Campus universitario
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 170 webs.uvigo.es/educacion-ou
e-mail.: fedts@uvigo.es

Seguiranse as “Medidas de actuación ao comezo de curso” a consultar na páxina principal da Universidade de Vigo: <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/informacion-alumnado> que podemos resumir en:

- Extremar as medidas de hixiene e desinfección: lembra que é obrigatorio o uso da máscara e realizar o lavado das mans ou uso de xel hidroalcohólico, antes de entrar na sesión correspondente.
- Evitar as aglomeracións tanto dentro coma fóra do Edificio con tempos intermedios suficientes para saír do Edificio, para ventilación entre clase e clase e para a desinfección periódica de aulas e espazos.

Grazas por elixir as nosas titulacións e ante calquera cuestión non dubides en contactar con Decanato: sdexbo@uvigo.es ou coas coordinacións dos distintos Graos da nosa Facultade:

Apellidos e Nome	Cód. Dpto.	Cód. Área	Responsabilidade	Correo e Telf.
Mociño González, María Isabel	X05	195	Coordinadora título Educación Infantil	imocino@uvigo.es 988387189
Iglesias Álvarez, Ana	H03	370	Coordinadora título Educación Primaria	anaiglesias@uvigo.es 988387146
López Viso, Mónica	X11	070	Coordinadora título Traballo Social	mviso@uvigo.es 988387264
Carrera Fernández, María Victoria	X01	805	Coordinadora título Educación Social	mavicarrera@uvigo.es 988387139

Ante as circunstancias excepcionais no inicio deste curso, se tes algún síntoma que poida poñer en risco ás persoas asistentes, pregámosche que evites acudir á xornada. Poderás consultar a información que estará dispoñible na web da Facultade.

Por favor, ante calquera dúbida, actúa en beneficio de todos/as.

Dada a situación actual, lembra permanecer sempre atento á páxina web por se houberse algún cambio.